



Carta para Hermelinda Dapena. Herme de Encrucillada

Rubén Aramburu Molet

Van xa uns meses do teu pasamento e escribo esta carta con todo o agarimo das compañeiras de Encrucillada. Cando penso en ti, sempre acordo dun debuxo que había na túa casa, feito por Laxeiro. Aparecías ti, creo, xunto a unha irmá ou irmán. O que acordo moi ben son os teus rizos e sorriso no debuxo. Eras unha nena pequena cando o xenial artista do Deza trazou o teu rostro. Esa mirada de nena do cadro permaneceu no teu rostro co paso dos anos. Unha mirada de inocencia e de asombro que reflectían tamén a bondade, a sinxeleza, certa inocencia e a capacidade do asombro. Canto me gustaba verte dirixir o coro d'Os Praceres... era unha festa. Tiñas a capacidade de transmitir ilusión e entusiasmo. Había detrás unha longa e fecunda experiencia pedagóxica como mestra no colexio do Sagrado Corazón, onde as aulas que impartías eran todo creatividade. Muller inqueda e sempre comprometida: Os Coloquios, Cruceiros, Romaxes, Irimia, Encrucillada, Escola de Espiritualidade, as Aulas de maiores, clases a inmigrantes, Encontros de Música de Poio, HOAC, animadora dos encontros de antigas Alumnas de Praceres, Terceira Orde Franciscana e Deus sabe cantas cousas máis. Como nai e traballadora tiñas unha fonda conciencia feminista, e así o plasmabas na III Asemblea de subscritores de *Encrucillada* en 1989:

«Nós, como mulleres, sintamos a urxencia de manifestar a nosa dignidade feminina; respondamos á chamada a ser: ser profunda e autenticamente mulleres, chamada que libere da indiferenza á que nos aboca a superficialidade do pragmatismo, o consumo ou a nosa meta do benestar».